

BEATUS QUI LEGIT

XESUS ALONSO MONTERO

A Amor e comunismo

Acaba de publicar Xerais unha novela, magnífica, de Agustín Fernández Paz: *A viaxe de Gagarin*. En páxinas importantes, Gagarin, un cidadán coruñés así alcumado, ponnos diante de realidades políticas clandestinas moi pouco presentes noutros relatos galegos. Acontece case todo, entre 1960 e 1969, na cidade da Coruña, onde Celia e o seu home, Leonardo Mendiguren, rexentan unha imprenta-librería, tapadeira axeitada para imprimiren unha revista do Partido Comunista, do que son militantes, coa axuda de Luísa e o seu home Euclides, abnegados camaradas. Quen conta estas clandestinidades é Miguel Mendiguren (alias Gagarin).

O que relata Miguel coa mellor pluma de Cupido é o seu amor, correspondido, por Francesca, adolescentes ambos os dous, un amor cun final, nunha praia de Pontedeume e nun saco de durmir, que debería estudarse nos obradoiros literarios máis esixentes. Non hai palabras —avísanos o narrador— para describir o que aconteceu: «Escribi-las aquí serán intentos inútiles de contar o non contable». Alguén pode pensar que foi, aquela, unha experiencia mística; algún, máis malicioso, que o narrador non quixo revelar ata onde chegaron os namorados da man de Cupido.

Francesca é filla dun señor Torre-vieja, funcionario represor de alto nivel, perfil que Miguel foi descubriendo moi pouco a pouco. Algúns anos antes, neno aínda, fora deca-tándose, engordíño, de que seus pais e Luísa e Euclides traballaban, na sombra, para unha causa tan nobre como perigosa. Adolescente aínda presenciou a brutalidade moral (e non só) da Brigada Político-Social, nomeadamente a do inspector Gesteira, non alleo aos designios do pai de Francesca.

Non coñecín a Miguel Mendiguren pero recoñezoo ben, como recoñezo ao seu profesor de Formación del Espíritu nacional no Instituto Masculino, chamado don Adolfo (quizais por Hitler). Sóame menos o feito de que os profesores do centro, os inspectores da Social e outros personaxes relevantes fagan uso sistemático do idioma galego, pero comprendo que a narrativa galega, desde hai anos, asumiu, sistematicamente, esta ficción. Estamos, sen dúbida, na xurisdicción literaria, non no reino de Clío. De todos os xeitos, a novela de Fernández Paz está á altura do seu maxisterio narrativo, nesta ocasión ao servizo de aconteceres pouco novelados.